

# FAMILIA E ENTRETENIMENTO. A INCIDENCIA DAS SOCIEDADES RECREATIVAS NUNHA CIDADE GALEGA DO SÉCULO XIX

ANA MARTÍN GARCÍA\*

## INTRODUCCIÓN

Ferrol, localidade situada no noroeste peninsular, en Galicia, naceu como verdadeiro centro urbano a mediados del século XVIII, trala decisión da Coroa de construír nas súas ribeiras uns arsenais e estaleiros reais.

Durante a segunda metade da centuria, a pequena vila de pescadores de apenas mil habitantes, non cesou de medrar ata se converter no centro urbano máis poboado do reino de Galicia e da cornixa Cantábrica, acadando os 25.000 habitantes en 1787<sup>1</sup>.

Este crecemento trouxo consigo unha morea de dificultades difíciles de superar para o concello como a falta de vivendas para a enorme poboación, tanto de militares como de operarios das reais obras, así como doutras xentes que chegaban á cidade na procura de oportunidades.

A partir da década dos sesenta, a construción do barrio de La Magdalena irá solucionando paulatinamente ese problema aínda que non se rematará ata 1820<sup>2</sup>. Tamén houberon de solventar problemas de abastecemento, ou de sanidade.

Resulta significativo indagar no tipo de sociedade nacida naquel novo Ferrol obreiro e militar, cun reducido sector servizos. Dende fins do XVIII e durante todo o XIX máis da metade da poboación vai depender dos soldos do rei, é por iso que en Ferrol máis que en calquera lugar de Galicia, as decisións da Coroa en relación á Mariña de guerra condicionarán a súa vida e marcarán os seus tempos de prosperidade e as épocas de decadencia.

---

\* anamartin@edu.xunta.es.

<sup>1</sup> MARTIN, A. (2001). <<http://ruc.udc.es/dspace/handle/2183/5532>>.

<sup>2</sup> VIGO, A. (1985), p. 161.

## FERROL, UNHA URBE «ILUSTRADA» POR CONTRASTES

Unha das máis importantes novidades que o Século das Luces aportou á beleza das cidades foi a creación de grandes paseos arborados que servisen de espaxamento ao cidadán. Ferrol fora a primeira urbe do reino de Galicia en contar xa dende o século precedente con cemiterio e alameda pública. Para Ferrol os enxeñeiros da Armada deseñaron un paseo de sete rúas de variadas especies arbóreas de máis de medio quilómetro de longo. Este espazo converteuse no lugar de encontro e paseo para os ferroláns durante a primavera e o verán, trocándoo pola rúa real nas estacións frías por consideralo daquela inhóspito e alonxado.

O trazado ortogonal da vila fora ideado polos máis grandes enxeñeiros da armada, quen tamén levantaron un conxunto militar técnica e tecnolóxicamente único. Nomes da talla de Julián Sánchez Bort, Montiaquí, Petit de Lacroix, ou mesmo Jorge Juan fixérono posible. O seu sistema de sumidoiro conectado a rede de augas do foso defensivo do arsenal era tamén outra das súas innovacións que convertían a aquel espazo urbano en un lugar único. Agora ben aínda que resulta acertado considerar todos estes adiantos como propios dunha cidade ilustrada, non o é tanto xeneralizar as bondades da Ilustración a todo o conxunto da poboación ferrolá. Moi ao contrario, a vila e as súas xentes no seu comportamento durante o século XIX non se diferenciaba en demasía de calquera outra do reino de Galicia. É por iso que, a pesares de que proporcionalmente en Ferrol trataron de constituírse un número moi elevado de sociedades recreativas, moitas máis que noutras vilas galegas do tempo, a maior parte delas terán unha vida moi efémera e nunca chegarán a ter o esplendor que anhelan as súas actas fundacionais.

## A VIDA COTIÁ NO FERROL DO XIX

Os anos decimonónicos, non foron para os ferroláns un camiño de flores. As graves penurias que azoutaban a unha vila real tan intimamente unida ás decisións da Coroa, provocaron levantamentos populares. Xa, na primeira década do século, o 10 de febreiro de 1810, a falta de pagas produciu o descontento nas clases populares que, movidas pola desesperación e encabezadas por un grupo de mulleres, asaltaron a porta do dique para penetrar no arsenal reclamando ás súas pagas e levándose por diante a vida do xeneral Vargas. A crueldade do crime foi correspondida co xuízo e sentenza das líderes. A cabeza dunha delas, Antonia Alarcón, foi cravada nunha picota na Alameda, naquel paseo decoroso e elegante, do que tanto facheaban os ferroláns<sup>3</sup>, aínda que nel a cotío se puidera ver pacer nel ao gando. Aínda así, a súa

---

<sup>3</sup> MONTERO (reed. 1972), p. 104 e ss.

alameda non tiña igual e para os ferrolás o paseo do Prado de Madrid resultáballes desprezable.

A comezos da década dos trinta do século se achegaba a Ferrol o afamado viaxeiro e vendedor de Biblias George Borrow. A súa visión da localidade quedou debuxada a través do seu verbo na obra «La Biblia en España» onde aseguraba que en ningunha parte se manifestou a miseria e decadencia da moderna España con tanta forza como na capital departamental. «Apenas entré en la ciudad se apoderó de mi alma la tristeza. La yerba crecía en las calles, por todas partes me daban en la cara las huellas de la miseria. Ya no pululaban por los Arsenales aquellos millares de carpinteros de ribera que construían las largas fragatas y los tremendos navíos de tres puentes. Tan sólo unos pocos obreros mal pagados y medio hambrientos, desperdician allí sus horas...»

Continua Borrow o seu relato asegurando que a metade dos habitantes de Ferrol pedían esmolas polas rúas, entre eles, asegura que se atopaban oficiais de mariña retirados e inválidos que ben puidera facer tres ou catro anos que non cobraban as súas pensións.

Nos anos medios do XIX, a raíña Isabel II e o seu ministro o Marqués de Molins puideron reactivar e facer retornar o pulo a Ferrol que incluso obterá no 1858 o título de cidade. Eses intres de recuperación serán, sen embargo, efémeros. Aínda así, dende 1847 Ferrol comezou a contar con alumeado xeral, o que vai propiciar que a vida nas rúas prolónguese no tempo. Antes, ao caer o sol, os ferroláns ou ben se pechaban na casa, ou, como moito, xuntábanse nunha mazá da rúa Magdalena, onde se situaba un único farol solitario suxeito por unha cadea a dúas casas. De tódolos xeitos o alumeado instalado seguía a ser insuficiente e os veciños reclamaban máis puntos de luz para evitar delinquentes. Así, na rúa travesa de San Eugenio dicían non poder saír da casa ao caer o sol, pois a escuridade era tal que as roldas dos serenos non chegaban ata aló aínda que si o facían «hombres encapotados y parapetados en las capas, cuyo objeto no puede ser otro que el de hacer daño»<sup>4</sup>

Moitas daquelas rúas escuras dende o solpor, resultaban ademais cheirentas por ser costume a venta e limpeza de peixe nelas. Tamén era habitual, segundo recollen os «Bandos de Policía y Buen Gobierno» que os veciños non dubidasen en poñer a secar nas rúas todos os froitos que o mar ou a terra lles ofrecían. Peixeiras mesturábanse con animais domésticos que paseaban soltos e que mesmo parecían querer escoitar a aquelas mulleres que lían a boaventura aos máis infelices que se mesturaban co lixo que se acumulaba nos recunchos das rúas. As autoridades civís, emitían bandos tratando de poñer en orde a unha veciñanza que organizaba cencerradas sen previo aviso, e que pasaba con suma facilidade da festa á liorta, sen máis armas que simples pedras.

<sup>4</sup> AMF, 418, Libro de actas, 8-1-1850, p. 2.

Antes este panorama, non é de estrañar que a chegada á urbe de calquera atracción fose sempre aplaudida. Circos, compañías teatrais que percorrían a xeografía galega ou mesmo teatriños ambulantes, solicitaban permiso ao concello para poder exercer as súas habilidades na real vila. En 1832 chegou o artista ambulante portugués José dos Reis Malavar, «profesor de equilibrios e juegos indianos»<sup>5</sup>, ou xogos de mans quen facía constar nas súas solicitudes de permiso o feito de ter actuado ante «SSMM en el año de 1831, en el teatro de la Cruz»<sup>6</sup>.

Don Manuel Espiños, tamén actuou ante os monarcas amosándolles as súas máis curiosas calidades, «imitar la voz natural y sin otro auxilio, el canto de la mayor parte de las aves conocidas y varias marchas de Rossini.. »<sup>7</sup>.

Maior número de atraccións chegaban a outras localidades galegas que contaban con mellores comunicacións terrestres, punto moi frouxo este para a Vila Real. A este respecto no 1832 tratábanse de axilizar os trámites «sobre la carretera real proyectada desde esta villa a Castilla»<sup>8</sup>, foi un primeiro intento de dar mellores comunicacións terrestres a Ferrol e tratar de sacar a localidade do seu illamento.

As rúas continuaban estando ategadas de lixo, por máis que os bandos municipais tratasen de atallar os vertedoiros das vías públicas. Para o concello non se trataba unicamente dun risco para a saúde pública, tratábase asemade dun escándalo. Por iso imponía vinte ducados de multa a quen non limpaba os esterqueiras e incluso penas de cárcere: vinte días de arresto. Pero o sistema de sumidoiro era insuficiente, non recollendo as augas fecais de todos os barrios. Así, en Esteiro, seguía a ser práctica habitual botar as augas inmundas polas ventás, e en moitos casos o berro de «auga vai» pillaba por sorpresa aos transeúntes que vían como un baldeiro de augas cheirentas empapaban as súas roupas. E realmente en veciñanzas como aquela era difícil esquivar estes males, pois por riba as rúas ategábanse de vendedoras de froita que impedían o paso<sup>9</sup>.

Tratando de dar solucións a tanto desorde o concello poñía a funcionar un curioso servizo de recollida de lixo. Cada día de 7 a 8 no verán e de 8 a 9 no inverno, instábase aos veciños a varrer a fronte das súas casas e facer un montón no centro da fachada onde verterían tamén o po das cociñas. Feito este labor, pasaría un carreteiro por cada rúa apañando todo o lixo. Pagábaselle unha peseta por cada carro que carretase.

---

<sup>5</sup> AMF, Actas do concello de Ferrol, 402, 5-1-1832, p. 1.

<sup>6</sup> VAREY, J. E. (1972), p. 264.

<sup>7</sup> AMF, Espectáculos, teatros y plazas de toros, 726, A3, papéis soltos.

<sup>8</sup> AMF, Actas do concello de Ferrol, 402, 5-1-1832, p. 24v.

<sup>9</sup> AMF, Actas do concello de Ferrol, 402, 5-1-1832, p. 31.

## AS SOCIEDADES RECREATIVAS

Dentro deste peculiar panorama os ferrolás comezaron a buscar modos e maneiras de distinguirse socialmente. Familias enteiras asociábanse a clubs de recreo coa fin de mellorar o seu estatus e de dar maior empaque os seus apelidos. Ferrol tiña unha gran tradición asociativa dende tempo atrás, se ben a meirande parte das sociedades que nacían na localidade, eran sociedades de socorro ou auxilio mutuo, tan necesarias nunha vila na que máis da metade da poboación dependían dos soldos dun estado en constante bancarota. Agora ben, nos períodos de bonanza o número de sociedades eminentemente recreativas que solicitaban permiso para se constituír foron numerosísimas. Non é doado poder facer unha estatística por mor da perda de gran parte da documentación. De modo que, dalgunhas temos referencias nos libros de actas do consistorio, doutras consérvanse os seus estatutos e en ocasións atopámonos panfletos de propaganda das súas actividades lúdicas. De tal xeito que facendo unha estimación media, podemos calcular o número de sociedades recreativas que se fundaron ou refundaron ao longo de todo o XIX nunhas 50. Iso si, a maior parte delas non chegaban a cumprir nin un ano de vida. Ante un oferta tan ampla, é evidente que moitas delas compartían socios, e tiñan que ter unhas coutas baixas para poder manter o número de asociados, agora ben, en moitos casos os baixos ingresos provocaban precisamente o peche da sociedade. Outra das razóns era a morosidade dos socios que non pagaban as cotas nos períodos de crise económica.

O que queda claro é que existían unha ansia de querer ser o que en Ferrol non abundaba, burguesía. Así os «aburguesados» querendo estar alleos aos dispareos momentos, celebraban os seus bailes privados, aos que chamaban bailes de sociedade, ben participando nos que organizaba o Salón Filarmónico, ou ben alugando este local para reunirse nel os membros do Circo de Recreo, do Liceo de Artesanos ou da Tertulia de Confianza, por citar algunhas das sociedades recreativas que existían nas décadas dos 40 e 50.

O Salón Filarmónico non era máis que un amplo baixo cun gran salón corrido e apenas un par de dependencias máis que facían, ás veces, de tocador para as mulleres. O salón, que apenas tiña mobiliario, servía como teatriño de variedades, como lugar de reunión e como salón de baile con capacidade para 400 persoas. Iso si, cando algunha das referidas sociedades se erixían como organizadoras do evento, transportaban ata el todo tipo de bens mobles, lámpadas, alfombras, cadeiras, etc., unha auténtica mudanza que trataba de converter aquel sinxelo almacén nunha especie de casino.

Outro local semellante era o Teatro Principal que ocupaba os números 46, 47 e 48 da rúa Magdalena. Tamén era un pequeno almacén improvisado para teatro con capacidade para 360 persoas. Tiña dúas ordes de palcos, un de galería e un patio. O curioso é que a pesar da súa pobreza, era catalogado como un dos espazos

lúdicos máis dignos da vila, o que realmente era dicir pouco ou nada pois o propio concello describía en 1861 estes dous locais dicindo que: «... tienen de tales teatros mas que el nombre, pues no reúnen ninguna de las circunstancias que requiere el establecimiento de esta clase, y sólo puede dárselos un título por ejecutarse en ellos funciones teatrales...»<sup>10</sup>.

Unha das sociedades nadas no XIX foi a Tertulia de Confianza. Fundada no 1850 era unha asociación recreativa cun obxectivo instrutivo. As súas actividades baseábanse na lectura, nos bailes de máscaras e «de serio», e nos xogos de billar, naipes e outros legais, quedando absolutamente prohibidos os de azar. Nestes tempos decimonónicos, nin que dicir ten que as mulleres non xogaban máis papel dentro destas sociedades, que o de ser unhas ben recibidas compañeiras de baile. No día a día, negábanelles o acceso aos locais sociais onde só os homes podían disfrutar charlando nunhas tertulias con pouca chicha, pois prohibíase falar de temas políticos ou relixiosos. En 1850 eran socios de número da Tertulia, os casados e os homes maiores de 29 anos, mentres que os rapaces de 17 a 29 anos tiñan que contar cunha autorización paterna escrita para poder pertencer á sociedade.

As sedes daquelas sociedades eran simples pisos de aluguer, a Tertulia, por exemplo, comezou a súa andaina cun na rúa San Bernardo, nunha vivenda de tres pisos na que todo pretendía ser o que non podía ser. A escaleira estaba pintada «al bronce», os mobles pintados á caoba, etc. Pero cumpría o seu cometido porque tiña recunchos para a lectura, sala del café co seu «botiquín», que así se denominaba daquela ao bar, sala de xogos, secretaría ou mesmo unha sala de billar.

O comportamento dalgúns dos seus socios distaba moito de ser modelo de alta sociedade. En 1862, a xunta directiva abriu serio expediente a tres socios porque «... habían alterado el orden de la sociedad entrando con un caballo en la misma hasta la segunda puerta... destrozando cristales, con la exposición de ocurrir cualquier desgracia si en aquel momento saliera cualquier individuo... uno de los tres socios... ha levantado la mano al administrador, sin tener en cuenta, que lejos de faltarles, les suplicaba que guardasen moderación...»<sup>11</sup>. Dous anos máis tarde deuse de baixa a un deles «por tirar un paraugas á cara e sen motivo» a outro socio. E aínda que o readmitiron no 1865 chega a súa expulsión definitiva por «pretender dar un bastonazo a D. Juan San Martín, que lo esquivó, pero hay evidencias en la pared hundida... se le da de baja por reincidente».

En ocasións sinaladas, algunhas das recreativas arriscaban parte dos fondos das súas arcas para traer ata Ferrol espectáculos pouco vistos. No 1858, con motivo dos festexos pola visita real de Isabel II, alugaron un cosmorama, artificio óptico que

<sup>10</sup> AMF, Ateneo y Liceo de Artesanos, 721, 1861, papeis soltos.

<sup>11</sup> AMF, Tertulia de Confianza, papeis soltos.

permitía ver aumentados os obxectos mediante unha cámara escura, e asemade, proxectaba localidades, edificios, etc.

Aquel ano de 1858 foi un ano repleto de conmemoracións a prol da visita rexia, pero tamén un ano de moito control político, tanto, que chegou a afectar a propia vida das sociedades que criticaban ao alcalde Ramón Ocampo pola férrea censura ás que as tiña sometidas en base a unha Real Orden de 1839 que realmente nunca se aplicara. A Real Orde regulaba os estatutos das sociedades que tiñan que ser aprobadas polo gobernador civil e permitía aos alcaldes intervir nas súas xuntas xerais, e coñecer o seu funcionamento interno. En 1858 o alcalde quere controlar a Tertulia de Confianza, provocando unha grave crise na sociedade, déronse de baixa moitos socios, houbo riñas entre eles e chegaron á bancarota. Pero milagrosamente renaceu das súas cinzas. En 1859 xurdía novamente baixo o nome de Casino Ferrolano. Outras moitas sociedades non tiveron tal resistencia. O arquivo municipal garda unha boa colección dos seus regulamentos que nos deixan constancia da súa efémera vida. O Liceo de Artesáns ou o Círculo de Maquinistas, por exemplo, viviron apenas un intre.

Naquel ano, concedeuse licenza de apertura a un reñedeiro de galos sobre as ruínas do antigo teatro Settaro, tristemente desaparecido polas lapas dun incendio no 1807. No 1863 existía un circo ecuestre que nun ano realizou cinco funcións. Tratábanse de construcións provisionais, coma as prazas de touros que se achegaban a Ferrol. Pero unha nova e soberbia construción comezaba a cobrar vida, aquel foi o ano no que se iniciaron os que resultaría ser uns largos e dilatados trámites para a construción dun dos mellores teatros galegos, o Jofre.

En 1868 o alcalde da cidade, Aquilino Fernández, emite un bando sobre o entroido, prohibindo que se boten ovos, petardos ou auga sucia, nin disfraces de militar ou de funcionario, nin grandes comparsas pola rúa. Ese ano resultou ser convulso en materia política e acrecentou a censura. Así, cando en febreiro un ferrolán alcumado «Pitifoque» aproveitando un espectáculo de prestidixitación dirixiuse ás cabezas parlantes para lles preguntar que cando sería «o golpe decisivo», á autoridade local sancionouno por tal atrevemento<sup>12</sup>. En setembro estoupo a revolución Gloriosa, e os mesmos ferroláns que unha década atrás aplaudían á raíña Isabel na súa visita a Ferrol, eran os que agora, ante a crise de subsistencia iniciada en 1866, apoiaban aos insurxentes en contra da Coroa.

A vida seguía e a necesidade de entretemento tamén. En 1870 apróbanse os estatutos que rexerán a primeira sociedade adicada cen por cen aos bailes, «La Ferrolana». Os seus socios debían aboar a respectable cifra de cinco reais ao mes, circunstancia esta que motivará a súa pronta desaparición.

---

<sup>12</sup> AMF, Espectáculos, teatros y Plazas de toros, 726, 1868, papeis soltos.

No 1873 contaba Ferrol cinco cafés, tres casinos e un teatro aberto, mentres que o novo teatro Jofre vía dilatada a súa construción. O comercio ascendía a 332 tendas de roupas, víveres, bisutería, etc. O alumeado era de petróleo e contabamos xa con 274 farois<sup>13</sup>. O ano 1878 rompeu coa monotonía dos anos precedentes. O fin das obras de construción do dique da campá e a súa inminente inauguración comezaron a transformar a cidade para conmemorar o acontecemento. Ese ano comezou a construción dun teatro circo<sup>14</sup> con motivo do certame musical e dos xogos florais que se celebraran para festexar a inauguración daquela importante obra de enxeñería. Nunha década abriu as súas portas o Teatro Romea, con capacidade para 578 localidades na planta baixa e 322 no piso principal. Daquela, algunhas das sociedades recreativas, chegaron a ter un número moi respectable de socios. O Círculo de Recreo tiña 139 que pagaban unhas cotas mensuais de 5 pesetas, o Casino Ferrolano 169 e unha cota de 2,90 pesetas, o Centro Recreativo de Ferrol, 300, que pagaban 2 pesetas, o Círculo de Artesanos, 130, abonando 1,50 e por último o Nuevo Liceo de Artesanos 227, tamén cunha cota de 1,50<sup>15</sup>.

Tamén daquela había socios que non aprenderan a comportarse en sociedade. O Casino Ferrolano ten abertos varios expedientes a socios por facerse acompañar nos bailes de «señoritas de dudosa reputación», o que ofendía ao honor das damiselas presentes. Pero é que outros xa se «extralimitaban» na súa falta de recato, como foi o caso de D. Miguel García del Villar expulsado do Casino por: «... haberse extralimitado en sus modales bailando Can Can cuando la música que sonaba era un rigodón... se le expulsa para evitar que se cometan en lo sucesivo abusos de esta naturaleza y que hablarían muy poco a favor de esta sociedad...»

## BIBLIOGRAFÍA

- MARTIN GARCIA, Alfredo (2001) – *Población y sociedad del Ferrol y su tierra en el Antiguo Régimen*. Universidade de A Coruña, disponible en <<http://ruc.udc.es/dspace/handle/2183/5532>>.
- VIGO TRASANCOS, Alfredo (1985) – *Arquitectura y urbanismo en el Ferrol del siglo XVIII*. Vigo.
- MONTERO AROSTEGUI, José (reed. 1972) – *Historia y descripción de El Ferrol*. Pontedeume.
- VAREY, J. E. (1972) – *Los títeres y otras diversiones populares de Madrid: 1750-1840, Estudio y Documentos*. London: Tamesis Book Limited.

<sup>13</sup> AMF, Obras 176, 1873-1874, papeis varios.

<sup>14</sup> AMF, Asociacións 725, Construción do Teatro Circo, 1878, papeis soltos.

<sup>15</sup> AMF, 715, 1884, papeis soltos.



## Fontes documentais

AMF, Arquivo Municipal de Ferrol

- Libros de actas do concello (1830-1880)
- Espectáculos, teatros y plazas de toros, 726, A3, papéis soltos.
- Espectáculos, teatros y Plazas de toros, 726, 1868, papeis soltos.
- Ateneo y Liceo de Artesanos, 721, 1861, papeis soltos.
- Tertulia de Confianza, papeis soltos.
- Obras 176, 1873-1874, papeis varios.
- Asociacións 725, Construcción do Teatro Circo, 1878, papeis soltos.

